

ANUNCIO

Para contratar a un/ha bolseiro/a para a realización de labores que son propias dunha oficina de información ao turista, con destino na caseta de información turística do Concello, por un período de 6 meses e cunha dotación económica de 1.200,00 €/mes importe bruto.

INSTANCIAS: Presentaranse no rexistro Xeral do Concello, podendo tamén presentarse nos lugares aos que fai referencia o artigo 38 da LRJAP e Pac, cos datos que se detallan no artigo 70 na mesma norma ata as 13 horas do quinto día natural posterior á publicación do presente anuncio en dous diarios de gran difusión. Con ela acompañarase a seguinte documentación compulsada:

- Fotocopia do D.N.I
- Documento acreditativo de estar en posesión do título requirido para a Bolsa solicitada, ou en condición de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Certificado do expediente académico, currículum vitae e documentación acreditativa deste.
- Acreditación de cursos ou ciclos de especialización.
- Declaración xurada comprometéndose o solicitante a renunciar, se fora seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante o tempo de disfrute da bolsa.
- Certificado ou declaración xurada que acredite non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto desta bolsa.
- Tarxeta sanitaria da Seguridade Social.

PROBAS A REALIZAR: Segundo bases aprobadas ao efecto.

Bases íntegras no Departamento de Persoal do Concello e na web municipal.

Información: Telf: 986570165 ext.211/315

A Estrada, 27 de maio de 2010.
A alcaldesa en funcións,